



NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente dimitinadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 18 de decembro de 2020

Hora: 20:00

Lugar: Telemática. Aplicación ZOOM.

Motivación: Alzamento medida cautelar de suspensión da execución aval bancario (Exp. Nº 2020/X999/000123) e aprobación expediente de contratación Nº 2020/C004/000008.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión celebrada o 5 de novembro de 2020.
- II. Borrador da sesión celebrada o 27 de novembro de 2020

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

2. **Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.**

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM



3. Proposta Alcaldía relativo ao Alzamento da medida cautelar de suspensión da execución do aval bancario, acordada na sesión plenaria de data 30 de setembro de 2020, polo importe de 153.402,33 euros. EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000123

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

4. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº 2020/C004/000008: CONTRATACIÓN ARMONIZADA, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE CEE.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

5. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: Nº 946/2020 do 20 de novembro á Nº 1034/2020 de 11 de decembro.
6. Presentación da Memoria e proposta de suxestións para a elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións conforme o artigo 12 do P.E.S.
7. Dar conta da execución do orzamento 3º Trimestre 2020.
8. Dar conta do envío o Estado do coste efectivo dos servizos municipais 2019.
9. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela